

PROPOSTA DE ACTIVIDADES PARA TRABALLAR A CAMPAÑA ESPAZOS LIBRES DE MACHISMO

IDADES 3-4-5 INFANTIL

a.-Conto "eu quero ser ximnasta"

<http://www.steg.gal/muller/contidos.asp?cid=2&ssid=119> (Infantil)

b.-Corresponsabilidade nas tarefas do fogar

Hai que facer reflexionar ao noso alumnado sobre a situación das súas casas. É importante que se dean conta de que o "normal" é que os papás realicen na casa as mesmas tarefas que as súas mamás. Como a situación real é que os pais non fagan practicamente nada, sería fundamental tentar cambiar esta idea; a mellor maneira sería reflexionando e falando coas nenas e os nenos das situacións concretas das súas casas; pódenos servir a estratexia de formularlles algunhas preguntas:

¿Quen cociña na túa casa? ¿Quen limpa a casa?

¿Quen repasa a roupa?

¿Quen te leva ao médico? ¿Quen limpa o coche?

¿Quen conduce o coche cando ides todos xuntos de viaxe? ¿Quen che conta os contos?...

c.-Espazos no patio

Sería interesante observar como se comportan as rapazas e rapaces no patio, que tipo de xogos fan unhas e outros, como resollen os seus conflitos.

d.-Os contos ensinan

Escollemos 4 contos tradicionais que se lerán na clase, relacionándoos coas tarefas domésticas. Entón, tras a lectura explicaráselles que esa situación é inxusta para lles pedir que debuxen unha escena do conto cambiando o papel.

"Cincenta" (Farase fincapé no seu papel de coidadora do fogar tras quedar viúvo o seu pai e merecedora por iso do príncipe).

"Brancaleves" (Reiterarase o estereotipo de nena condenada ás maldades dunha segunda esposa porque o papá viúvo non podía facerse cargo dela).

"Carapuchiña Vermella" (Recalcarase a tarefa da nena como coidadora dunha avoa enferma e como responsábel pola súa desobediencia da vida de ambas as dúas, así como do papel salvador do home no conto).

"Peter Pan" (Subliñarase a consideración minimizada e mitificada da inmadurez dos homes, así como a conseguinte caracterización de espírito aventureiro e arriscado fronte á imaxe sensata e conformista coas circunstancias da muller).

e.-Esterotipos de xénero

Trátase de detectar os estereotipos de xénero entre o alumnado. Para iso suxerimos que cada alumna e cada alumno escriba 5 motivos polos que lles

gusta ser nena ou neno. A continuación deberán escribir outras 5 razóns polas que lles gustaría ser do sexo oposto.

Prestarase especial atención ás valoracións negativas sobre o outro sexo e pedirase ao alumnado que ilustren con situacións concretas aquelas valoracións que realizaron. En todo momento tentarase evitar que o debate derive nunha "guerra de sexos", e tratarase de buscar contraexemplos que indiquen que os estereotipos detectados son produto da educación sexista da nosa sociedade.

Farase, a modo de conclusión, unha posta en común sobre os aspectos positivos de todas e cada unha das características expresadas entre o alumnado, así como as súas posibles consecuencias negativas.

A actividade tamén pode desenvolverse en grupo a través de debuxos. Elaboraranse as siluetas dunha nena e un neno e pedirase ao alumnado que coloque con autocolantes as características delas e deles. A medida que a actividade avance darase a oportunidade para que se movan ou incorporen novas pegatinas, promovendo que o alumnado revise os seus prexuízos.

f.- As Estrelas e os Planetas

As Estrelas e os Planetas convivían no espazo sen que aparentemente tivesen problemas, pero entre eles pasaban todo o tempo discutindo quen tiña que mandar no espazo. Os planetas dicían eles facían máis cousas, eran máis fortes e, polo tanto, tiñan que gobernar. As Estrelas comentaban que o podían facer igual ou mellor ca eles... E así pasaban os meses, os días e os anos.

Un día estaban todos discutindo de noite, que é cando as estrelas están espertas, e apareceu un METEORITO moi vello e sabio que comezou a berrar: "Calade, calade todose todas; eu teño a solución para que non discutades máis deste tema".

Todo o mundo ficou mirando para el en silencio e o METEORITO continuou dicindo: "Facede unha proba

e quen a gañe gobernará o espazo"

- E que clase de proba teremos que facer?

Ao que o METEORITO contestou:

- Separádevos: os Planetas quedarán nesta banda do espazo e as Estrelas irán vivir alén. Daquela, se alguén non aguanta, que pase para a outra banda e o contrario gobernará por sempre no espazo.

Os Planetas rían e comentaban que as estrelas non aturarían soas nin unha soa semana, xa que non saberían construírse casas para o inverno, terían medo elas soas,... e así pasou un día, unha semana un mes e un ano.

Tristes, os Planetas pensaban que todas as Estrelas esatrían mortas de frío e de fame e decidiron chamar ao METEORITO para contarlle o que pensaban. O METEORITO contestoulles: " Ide alén e comprobádeo vós mesmos"

Na outra banda do espazo as Estrelas estaban apenasadas pensando que os Planetas non tiñan a ninguén que cociñase para eles ou se encargase de lavarlles a roupa e tamén decidiron chamar ao METEORITO, que lles respondeu o mesmo que xa lles dixera aos Planetas: " Ide alén e comprobade por vós mesmas"

Os Planetas e as Estrelas emprenderon o camiño e cando estaban na metade apareceu o METEORITO e díxolles: "Pasou un ano e parece que Estrelas e Planetas sodes capaces de facer os mesmos traballos, así que vós mesmos tedes a solución". Ese día fixeron unha gran festa no espazo onde ninguén discutiu pois chegaron a unha sabia solución: que cada mes gobernasen Estrelas e Planetas xuntos, xa que que tanto unhas coma outros faríano igual de ben.

Actividades

1. Logo de ler o conto reflexionaremos en asemblea sobre os seguintes aspectos:

- Puideron vivir tanto as estrelas coma os planetas sen necesitaren a axuda dos outros?.
- Credes que existen tarefas de mulleres (Estrelas) e tarefas de homes (Planetas)? Pensades que na vosa casa pasa iso?
- Poden ser presidentes de goberno tanto homes coma mulleres? Oístes falar de algún país onde governe unha muller?

2. O traballo de mamá e papá.

Cada nena/o recibirá unha ficha cunha estrela e un planeta, onde terá que debuxar o traballo/profesión da súa nai e do seu pai. Cando todas/todos terminen, farase unha posta en común para debater se existen profesións de mulleres, profesións de homes ou se coa mesma formación unhas e outros podemos traballar no mesmo.

PRIMARIA: IDADES 6-7-8-9 ANOS

a.-Frases célebres

Analizar co noso alumnado estas frases. Que pensen se son certas ou, do contrario, como as poderían mudar.

- "A muller é un ser feble e defectuoso." (Santo tomas de Aquino)
- "Desde a idade de 6 anos, a muller non medra máis que en dimensións" (Severo Catalina, político e escritor español)
- "Por moitas razóns non é bo que a muller estude e saiba tanto" (Mòliere)
- "As mulleres nunca descubren nada. Fálталles, por suposto, o talento creador reservado por deus para intelixencias virís" (Pilar Primo de Rivera)

b.-Decisións na casa

Na miña casa, as decisións tómaas, xeralmente: (marca con X)

- a miña nai
- o meu pai
- ambos os dous

Cando na casa hai un con ito, quen tenta buscar a solución é:

- a miña nai
- o meu pai
- ambos os dous

c.-Estudar quen intervén na política

- Divididos/as en dous grupos, uns responsabilizaranse de ver os informativos das diferentes cadeas de TV e anotarán quen e a que partidos pertencen as persoas que interveñen no Congreso, no Senado e no Parlamento Galego. O outro grupo fará o mesmo pero utilizando para a busca de información os xornais aos que teña acceso. Posta en común da información obtida.

- Buscar en Internet información das persoas que configuran os grupos políticos con representación nesas tres cámaras legislativas e realizar no encerado, colectivamente, unha gráfica de barras con diferentes cores para o número de homes e o número de mulleres de cada un deles. Sacar conclusións

- Buscar en Internet información sobre unha muller que fose ou sexa portavoz dalgún tipo de colectivo e enteirarse de cales foron ou son as reivindicacións dese colectivo. A modo de exemplo: Clara Campoamor, Nai Tereixa de Calcuta, Dolores Ibárruri, Rigoberta Menchú, Ada Colau... Expor logo ao gran grupo o resultado da investigación.

- PLENO INFANTIL SOBRE A PARTICIPACIÓN DAS MULLERES NO CONCELLO

Elección de 14 nenos e nenas (tentar que estea compensado) para que actúen como concelleiros/as no Pleno Infantil, a criterio do profesorado.

Elección de 1 neno/a que actuará como Secretario/a no Pleno, a criterio do profesorado.

Elección de dous ou tres nenos/as que lanzarán as "Preguntas ao Alcalde" desde o público, a criterio do profesorado.

O resto dos grupos que traballaron tamén o tema na aula acudirán como oíntes ao Pleno.

Desenvolvemento da actividade. Presentación da actividade.

Debate e reflexión do tema na aula.

Elaboración dunha composición escrita que reflicta as conclusións e propostas. Sairá unha composición por clase. Para iso déixase a criterio do profesorado como traballar

o tema. Suxírese unha reflexión persoal/ individual e posterior posta en común con obxecto de enriquecer a produción e lograr a participación de todos/as.

Formulación das preguntas que se efectuarán no Pleno, as cales estarán enfocadas a coñecer como se vai afrontar desde o Concello esa problemática.

Que debe facer o concello para facilitar a participación e a voz das mulleres na comunidade?

Solicitar salón de plenos do concello. Se non é posíbel, utilizar un salón de usos múltiples ou comedor do Centro.

Elaboración de murais. Nesta tarefa pode participar libremente todo o alumnado implicado no traballo.

d.-Actividades 4-5-6 e 7 nesta ligazón

<http://www.steg.gal/muller/contidos.asp?cid=2&ssid=18> (primaria)

IDADES 10-11-12-13 ANOS

a.Actividades 3-5-6-e 7 da seguinte ligazón

<http://www.steg.gal/muller/contidos.asp?cid=2&ssid=79> (primaria)

b.- Actividades 8-9-11-12-13-14-15 da seguinte ligazón

<http://www.steg.gal/muller/contidos.asp?cid=2&ssid=18> (primaria)

c.- Actividades 1-2-3-4.4-4.5-4.6

<http://www.steg.gal/muller/contidos.asp?cid=2&ssid=8> (primaria)

d.-Todas as actividades da seguinte ligazón

<http://www.steg.gal/muller/contidos.asp?cid=2&ssid=22> (primaria)

e.- Actividade 3 da seguinte ligazón

<http://www.steg.gal/muller/contidos.asp?cid=2&ssid=8> (primaria)

ACTIVIDADES PARA TRABALLAR A CAMPAÑA DE ESPAZOS LIBRES DE MACHISMO

Secundaria-FP

Acceso a postos de responsabilidade

-Actividade "mulleres no cumio" do seguinte enlace

<http://www.steg.gal/muller/contidos.asp?cid=2&ssid=110>(secundaria)

-Actividade "Cen anos si que é moito" do seguinte enlace

<http://www.steg.gal/muller/contidos.asp?cid=2&ssid=119>(secundaria)

-Actividade 6 deste enlace

<http://www.steg.gal/muller/contidos.asp?cid=2&ssid=18> (secundaria)

Conciliación da vida familiar e corresponsabilidade

- Actividade desta ligazón <http://www.steg.gal/muller/contidos.asp?cid=2&ssid=21>

- Actividades de "muller traballadora no fogar" e "conciliar é saúde" deste enlace

<http://www.steg.gal/muller/contidos.asp?cid=2&ssid=110> (secundaria)

- actividade "Quen traballa en casa" e "quen limpou o meu fogar" deste enlace

<http://www.steg.gal/muller/contidos.asp?cid=2&ssid=119> (secundaria)

- actividades deste enlace

<http://www.steg.gal/muller/contidos.asp?cid=2&ssid=22> (secundaria)

Acoso sexual

Actividades 3 e 4 do seguinte enlace

<http://www.steg.gal/muller/contidos.asp?cid=35&ssid=118>

Visionado de videos e posterior comentario

<https://www.youtube.com/watch?v=uqmsfwRsUBw>

<https://www.youtube.com/watch?v=vzoXP0DdmAg>

Estereotipos de xénero

Actividades 5- 6-7-8-14 deste enlace

<http://www.steg.gal/muller/contidos.asp?cid=2&ssid=19> (secundaria)

Actividades 4-5-6-7-8 desta ligazón

<http://www.steg.gal/muller/contidos.asp?cid=2&ssid=79> (secundaria)

Videoforum

Sexismo en Disney

<https://www.youtube.com/watch?v=Hj6Iu2eExd0>

<https://www.youtube.com/watch?v=MoFwKn0AsxI>

Sexismo en dibujos animados

<https://www.youtube.com/watch?v=4tw9j3pif>

Micromachismos

Videoforum https://www.youtube.com/watch?v=Co_z_GbjbHY

Discriminación por cuestión de xénero

Actividade "Para non discriminar ás mulleres" da seguinte ligazón

<http://www.steg.gal/muller/contidos.asp?cid=2&ssid=110> (secundaria)

Actividades 7-8-9-10-11-12-13-15-16 do seguinte enlace

<http://www.steg.gal/muller/contidos.asp?cid=2&ssid=18> (secundaria)

Actividade "Máis doado do que parece" da seguinte ligazón

<http://www.steg.gal/muller/contidos.asp?cid=2&ssid=8> (secundaria)

Actividades "Violencia simbólica" e "Así tamén se forma o imaxinario social misóxino"

Bacharelato-FP-Adultas (sirven tamén as de secundaria para todos os temas pero estas son específicas de adultas)

Acceso a postos de responsabilidade

Actividade "Rachando o teito de cristal" do seguinte enlace

<http://www.steg.gal/muller/contidos.asp?cid=2&ssid=123> (adultas)

Conciliación da vida laborale familiar e corresponsabilidade

<http://www.steg.gal/muller/contidos.asp?cid=2&ssid=22> (adultas)

Acoso sexual

Videoforum <https://www.youtube.com/watch?v=90TqbchFQYY>

Micromachismos

<https://www.youtube.com/watch?v=-oLWb0021P8>

https://www.youtube.com/watch?v=Co_z_GbjbHY

NOTA: Recomendamos a todo o profesorado a elección das actividades en función da madurez de cada grupo.